

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3402 *Real decreto 176/2013, do 8 de marzo, polo que se derrogan total ou parcialmente determinadas regulamentacións técnico-sanitarias e normas de calidade referidas a produtos alimenticios.*

Co obxectivo de proporcionar a base para asegurar un nivel elevado de protección da saúde das persoas e dos intereses dos consumidores en relación cos alimentos, tendo en conta, en particular, a diversidade da súa subministración, incluídos os produtos tradicionais, ao tempo que se garante o funcionamento eficaz do mercado interior, publicouse o Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

O 1 de xaneiro de 2006 entrou en vigor unha serie de disposicións comunitarias relativas á hixiene dos produtos alimenticios agrupadas en dous bloques. O primeiro, referido ás responsabilidades dos operadores económicos sobre a base do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e o Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e o segundo, referido ás actuacións das autoridades competentes, e que ten as súas bases noutras dúas disposicións, o Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal, e o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Inmediatamente, tras a adopción destes dous piares para a produción e comercialización segundo normas hixiénicas de todos os alimentos, a Comisión iniciou os traballos de desenvolvemento deles, coa aprobación de medidas de aplicación sobre aspectos concretos dos regulamentos antes mencionados.

No ámbito nacional, o Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios, derrogou todas as disposicións nacionais que incorporaran ao dereito español as directivas derogadas mediante este conxunto de regulamentos.

Porén, mantivéronse vixentes regulamentacións técnico-sanitarias para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización ou venda de alimentos, así como normas de calidade, que se desenvolveron a nivel nacional, principalmente na década dos setenta e oitenta, a pesar de que a normativa comunitaria relativa á hixiene dos alimentos xa regulara determinados requisitos específicos, permitindo que sexa o operador da empresa alimentaria o que decida de que maneira se vai garantir o seu cumprimento. Por tanto, convén derrogar determinadas disposicións que carecen de aplicación práctica, así como os requisitos de hixiene doutras disposicións, en prol da simplificación lexislativa, posto que perderon a súa vixencia con base no conxunto de regulamentos anteriormente mencionado.

Con independencia do anterior, constatouse que as disposicións que agora se derrogan, total ou parcialmente, conteñen, nun importante número de casos, preceptos cuxa virtualidade se limita a efectuar unha remisión a outras disposicións, xeralmente de

carácter horizontal, que non requiren de tal remisión para a súa debida aplicación, polo que procede derrogar, así mesmo, os ditos preceptos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, da ministra de Fomento, do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 8 de marzo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. Derrogación parcial do Decreto 644/1973, do 29 de marzo, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do whisky.

Quedan derrogados o número cinco do artigo noveno; o número dous do artigo dez; os números un, punto catro, e un, punto seis, do artigo once; os artigos trece e catorce; o número un do artigo vinte e dous; e os artigos vinte e tres, vinte e catro, vinte e sete e vinte e oito do Decreto 644/1973, do 29 de marzo, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do whisky.

Artigo 2. Derrogación parcial da Orde do 23 de xaneiro de 1974 pola que se regula a elaboración, circulación e comercio da sangría e doutras bebidas derivadas do viño.

Quedan derrogados os artigos 8.º e 9.º, os puntos 1 e 4 do parágrafo segundo do artigo 11 e o artigo 25 da Orde do 23 de xaneiro de 1974, pola que se regula a elaboración, circulación e comercio da sangría e doutras bebidas derivadas do viño.

Artigo 3. Derrogación parcial do Decreto 2484/1974, do 9 de agosto, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do brandy.

Quedan derrogados o número nove do artigo cuarto; o número cinco e os puntos un e tres do número once do artigo quinto; o punto catro do número un do artigo sexto; os artigos oitavo e noveno; os puntos dous e seis do número un e o número dous do artigo décimo sexto e os artigos décimo sétimo, décimo oitavo, vixésimo primeiro, vixésimo segundo, vixésimo terceiro e vixésimo cuarto do Decreto 2484/1974, do 9 de agosto, polo que se aproba a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do brandy:

Artigo 4. Derrogación parcial do Decreto 1228/1975, do 5 de xuño, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do ron.

No Decreto 1228/1975, do 5 de xuño, polo que se establece a regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do ron, quedan derrogados os números dous, oito e nove do artigo quince; o número cinco do artigo dezaseis; os artigos dezaioito e dezanove; o número un.dous do artigo vinte e nove e os artigos trinta e trinta e un, así como os artigos trinta e catro a trinta e sete.

Artigo 5. Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de pastas alimenticias, aprobada polo Decreto 2181/1975, do 12 de setembro.

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de pastas alimenticias, aprobada polo Decreto 2181/1975, do 12 de setembro, coa excepción do disposto nos seus artigos 1.º, 2.º, 3.º, 9.º e 10, así como no número 2 do artigo 12, nos números 1 e 2 do artigo 15 e no artigo 18.

Artigo 6. *Derrogación parcial da Orde do 31 de xaneiro de 1978 pola que se regulan os viños aromatizados e o biter-soda.*

Na Orde do 31 de xaneiro de 1978 pola que se regulan os viños aromatizados e o biter-soda, quedan derrogadas a letra g) do artigo 5.º; os puntos 8, 9, 10 e 12 do artigo 10; os números 2.º, 3.º e 4.º do artigo 12 e os artigos 19, 20, 26 e 27.

Artigo 7. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de conservas vexetais, aprobada polo Real decreto 2420/1978, do 2 de xuño.*

Quedan derrogadas a letra e) do número 2 do artigo 3.º; os artigos 5.º a 10; os artigos 12 a 14; o ordinal 1.º do artigo 15, os artigos 16 e 17; o artigo 18 coa excepción do previsto no seu punto 2; os artigos 19 e 20 e os artigos 22 a 24 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de conservas vexetais, aprobada polo Real decreto 2420/1978, do 2 de xuño.

Artigo 8. *Derrogación parcial da Orde do 1 de agosto de 1979 pola que se regulan as sidras e outras bebidas derivadas da mazá.*

Na Orde do 1 de agosto de 1979 pola que se regulan as sidras e outras bebidas derivadas da mazá quedan derrogados os puntos 3.º e 5.º da letra C) e os puntos 3.º e 4.º da letra D) do artigo 6.º; así como o punto 2.º da letra A) e o punto 3.º da letra B) do artigo 7.º; o artigo 8.º, o punto 1.º do artigo 9.º e os artigos 20 e 21.

Artigo 9. *Derrogación parcial da norma de calidade para os produtos cárnicos embutidos crus-curados no mercado interior, aprobada pola Orde do 7 de febreiro de 1980.*

Quedan derrogados os números 5 a 9, así como o punto 1, salvo o previsto nas súas letras f) e l), e os puntos 2 e 3 do número 10 do anexo 1 da norma de calidade para os produtos cárnicos embutidos crus-curados no mercado interior, aprobada pola Orde do 7 de febreiro de 1980.

Artigo 10. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de graxas comestibles (animais, vexetais e anhidras) margarinas, minarinas e preparados graxos, aprobada polo Real decreto 1011/1981, do 10 de abril.*

Quedan derrogados os artigos 14, 30, 31 e 32, coa excepción do previsto no segundo guión e no inciso final do número 9 e no número 10 deste último artigo. Derróganse así mesmo os artigos 34 a 36, así como os límites de metais pesados establecidos nos artigos 15, 16, 17, 19, 20 e 21 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de graxas comestibles (animais, vexetais e anhidras) margarinas, minarinas e preparados graxos, aprobada polo Real decreto 1011/1981, do 10 de abril.

Artigo 11. *Derrogación parcial da regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio da xenebra, aprobada polo Real decreto 2297/1981, do 20 de agosto.*

Quedan derrogados o número 2.3.4 do artigo 3.º, os números 4 e 9 do artigo 4.º, o número 2 do artigo 5.º, os números 1 e 6 do artigo 10, os artigos 11 e 12, os números 1 e 3 do artigo 13, os artigos 16 a 18, o número 2 do artigo 19, así como o artigo 23 da regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio de xenebra, aprobada polo Real decreto 2297/1981, do 20 de agosto.

Artigo 12. *Derrogación parcial da norma xenérica de calidade para produtos cárnicos crus adobados, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.*

Quedan derrogados o punto 3 do número 5, os números 6, 7 e 8, así como o número 10 excepto o disposto nas súas letras a) e h) do anexo número 1 da norma xenérica de calidade para produtos cárnicos crus adobados, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.

Artigo 13. *Derrogación parcial da norma de calidade para lombo adobado de porco, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.*

Derrógase o punto 4 do número 5 da norma de calidade para lombo adobado de porco, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.

Artigo 14. *Derrogación parcial da norma xenérica de calidade para produtos cárnicos tratados pola calor, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.*

Quedan derrogados o punto 3 do número 5, os números 6, 7, 9 e 10, así como o número 11 excepto o disposto nas súas letras c) e h) da norma xenérica de calidade para produtos cárnicos tratados pola calor, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.

Artigo 15. *Derrogación parcial da norma de calidade para os friames de lombo, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.*

Derrógase o punto 4 do número 5 da norma de calidade para lombo adobado de porco, aprobada pola Orde do 5 de novembro de 1981.

Artigo 16. *Derrogación parcial da regulamentación especial para elaboración, circulación e comercio do anís, aprobada polo Real decreto 644/1982, do 5 marzo.*

Quedan derrogados o número 2.3 do artigo 4.º, o número 4 do artigo 5.º, os puntos 3 e 5 do número 1 do artigo 6.º, os números 1, 5 e 6 do artigo 11, os números 1, 3 e 4 do artigo 12, o artigo 13, os números 1 e 3 do artigo 14, o número 1 do artigo 17, os artigos 18 e 19, os números 2, 3 e 4 do artigo 20 e o artigo 24 da regulamentación especial para a elaboración, circulación e comercio do anís, aprobada polo Real decreto 644/1982, do 5 marzo.

Artigo 17. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, fabricación, circulación e comercio de galletas, aprobada polo Real decreto 1124/1982, do 30 de abril.*

Quedan derrogados os números 3 e 4, os puntos 1, 2.1, 2.2, 2.5 e 3 do número 5, o número 6, o punto 2 do número 7 e os números 8 e 9 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, fabricación, circulación e comercio de galletas, aprobada polo Real decreto 1124/1982, do 30 de abril.

Artigo 18. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de turróns e mazapáns, aprobada polo Real decreto 1787/1982, do 14 de maio.*

Quedan derrogadas as disposicións que a continuación se enumeran da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de turróns e mazapáns, aprobada polo Real decreto 1787/1982, do 14 de maio, os números 3, 4 e 5, os puntos 1, 2 do número 7, así como o punto 3 deste mesmo número, coa excepción dos seus subnúmeros 2, 3 e 6. Tamén se derroga o punto 2 do número 8 e o número 9.

Artigo 19. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de augardentes compostos, licores, aperitivos sen viño base e outras bebidas derivadas de alcois naturais, aprobada polo Real decreto 1416/1982, do 28 de maio.*

Quedan derogadas as disposicións que a continuación se enumeran da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de augardentes compostos, licores, aperitivos sen viño base e outras bebidas derivadas de alcois naturais, aprobada polo Real decreto 1416/1982, do 28 de maio, os puntos 1.2, 1.4, 4.4, 4.5, 4.6 e 5.7 do número 3, o número 4, o parágrafo primeiro do punto 1 do número 6, os puntos 4.1, 4.2, 4.4, 5 e 6 do número 7, o punto 1 do número 8, o punto 2 do número 9 e o número 10.

Artigo 20. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, aprobada polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro.*

Quedan derogadas as disposicións que a continuación se enumeran da regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, aprobada polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, os puntos 1, 2, 3 e 4 do número III, o número IV, os puntos 1 e 4 do número V, os puntos 1 e 2.1, excepto a súa letra a), así como os puntos 3 e 4 do número VI, o número VII, coa excepción do seu subnúmero 4.2 e os números VIII e IX.

Artigo 21. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de zumes de froitas e doutros vexetais e dos seus derivados, aprobada polo Real decreto 667/1983, do 2 de marzo.*

Quedan derogados os artigos 16, 17 e 18 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de zumes de froitas e doutros vexetais e dos seus derivados, aprobada polo Real decreto 667/1983, do 2 de marzo.

Artigo 22. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de té e derivados, aprobada polo Real decreto 1354/1983, do 27 de abril.*

Quedan derogados os artigos 4.º, 6.º, 7.º, 8.º e 9.º, o número 8 do artigo 11, os artigos 12 e 14, o primeiro parágrafo do artigo 16 e os artigos 21 a 23 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de té e derivados, aprobada polo Real decreto 1354/1983, do 27 de abril.

Artigo 23. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles, aprobada polo Real decreto 1424/1983, do 27 de abril.*

Quedan derogados os artigos 4 a 11, o artigo 12 excepto o seu número 1.1, o número 2.2 do artigo 13, os artigos 14 e 15 excepto o número 1.1 deste último, os artigos 16 e 17, o número 2 do artigo 18 e os artigos 19, 20 e 21 da regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles, aprobada polo Real decreto 1424/1983, do 27 de abril.

Artigo 24. *Derrogación parcial dos anexos da Orde do 29 de xuño de 1983 pola que se aproban as normas de calidade para xamón cocido e friame de xamón, pa cocida e friame de pa e magro de porco cocido e friame de magro de porco.*

Quedan derogadas as disposicións que a continuación se relacionan dos anexos da Orde do 29 de xuño de 1983 pola que se aproban as normas de calidade para xamón cocido e friame de xamón, pa cocida e friame de pa e magro de porco cocido e friame de magro de porco.

1. Os números 7 a 9, o número 12 excepto os seus subnúmeros 1.1 e 1.9 e o número 13 do anexo 1 da norma de calidade específica para xamón cocido e friame de xamón.

2. Os números 7 a 9, o número 12 excepto os seus subnúmeros 1.1 e 1.9 e o número 13 do anexo 2 da norma de calidade específica para a pa cocida e friame de pa.

3. Os números 7 a 9, o número 12 excepto os seus subnúmeros 1.1 e 1.9 e o número 13 do anexo 3 da norma de calidade específica para o magro de porco cocido e friame de magro de porco

Artigo 25. Derrogación parcial dos anexos da Orde do 12 de xullo de 1983 pola que se aproban as normas xerais de calidade para a nata e nata en po con destino ao mercado interior.

Quedan derrogadas as disposicións que a continuación se relacionan dos anexos da Orde do 12 de xullo de 1983 pola que se aproban as normas xerais de calidade para a nata e nata en po con destino ao mercado interior.

1. O punto 3 do número 5, os números 7 e 8, os puntos 1, 3, 4, 5, 8, 10, 11, 12 e 13 do número 9, e os números 10, 11 e 12 excepto o subnúmero 1.1 deste último, así como os números 13 e 14 do anexo 1 da norma xeral de calidade para a nata.

2. O número 8, os puntos 1, 3, 4, 5, 6, 8, 10 e 11 do número 9, os números 10, 11 e 12 excepto o subnúmero 1.1 deste último, así como os números 13 e 14 do anexo 2 da norma xeral de calidade da nata en po.

Artigo 26. Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e comercialización de masas fritas, aprobada polo Real decreto 2507/1983, do 4 de agosto.

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e comercialización de masas fritas, aprobada polo Real decreto 2507/1983, do 4 de agosto, coa excepción dos seus artigos 1.º e 2.º, os números 6 e 7 do artigo 9.º, o artigo 12 e o número 2 do artigo 13.

Artigo 27. Derrogación parcial da norma xeral de calidade para o leite concentrado destinado ao mercado interior, aprobada pola Orde do 20 de outubro de 1983.

Quedan derrogados o punto 1 do número 6, os números 8 a 11, o punto 3 do número 12 e o número 13 da norma xeral de calidade para o leite concentrado destinado ao mercado interior, aprobada pola Orde do 20 de outubro de 1983.

Artigo 28. Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de especies vexetais para infusións de uso en alimentación, aprobada polo Real decreto 3176/1983, do 16 de novembro.

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de especies vexetais para infusións de uso en alimentación, aprobada polo Real decreto 3176/1983, do 16 de novembro, coa excepción dos seus artigos 1.º, 2.º e 3.º, os números 2.1, 2.2 e 2.3 do artigo 8.º, o artigo 10, os números 2.1 e 2.2 do artigo 11, o número 1 do artigo 13 e o número 1 do artigo 18.

Artigo 29. Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de xaropes, aprobada polo Real decreto 380/1984, do 25 de xaneiro.

Quedan derrogados os artigos 4.º a 7.º, os números 1 e 4; 10 a 13 e 15 a 21 do artigo 8.º, o artigo 9.º, o número 1 do artigo 11, os números 2, 3, 4, 7 e 8 do artigo 12, os artigos 13 a 15 excepto o número 1 deste último, os artigos 16, 17 e 18, así como os artigos 20 a

24 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de xaropes, aprobada polo Real decreto 380/1984, do 25 de xaneiro.

Artigo 30. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de salsas de mesa, aprobada polo Real decreto 858/1984, do 28 de marzo.*

Quedan derrogados o artigo 14, os artigos 16 a 25, excepto o número 1 deste último, así como os artigos 26, 27, 29, 30, 31 e 32 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de salsas de mesa, aprobada polo Real decreto 858/1984, do 28 de marzo.

Artigo 31. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo.*

Quedan derrogados os artigos 8, 9, 9 bis, 10 e 11, o número 1 e os números 3 a 8 do artigo 12, o artigo 13, o número 3 do artigo 17, os artigos 18 a 21, así como os artigos 23 a 26 da regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo.

Artigo 32. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio das fariñas e sémolas de trigo e outros produtos da súa moenda, para consumo humano, aprobada polo Real decreto 1286/1984, do 23 de maio.*

Quedan derrogados o número 9 do artigo 2.º, os artigos 3.º a 6.º, os números 1.1, 1.2, 1.3, 2.2 e 2.3 do artigo 7.º, os artigos 8.º a 10, os números 4.4 e 4.5 do artigo 11, os artigos 12 e 13 excepto os seus números 1.1, 3 e 4, o artigo 14, o número 2 do artigo 15 e os artigos 16 a 18 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio das fariñas e sémolas de trigo e outros produtos da súa moenda, para consumo humano, aprobada polo Real decreto 1286/1984, do 23 de maio.

Artigo 33. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e acuicultura con destino ao consumo humano, aprobada polo Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto.*

Quedan derrogados o número 6 do artigo 23, así como os números 6 e 7 do artigo 32 da regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e acuicultura con destino ao consumo humano, aprobada polo Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto.

Artigo 34. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias, aprobada polo Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro.*

Quedan derrogados os artigos 7 a 10, os números 1.4 e 2.10 do artigo 11, o artigo 12 e o 14, o número 1 do artigo 15, os artigos 16 e 17, os números 2 a 6 do artigo 18, os artigos 19 a 22, así como os artigos 24 a 28 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias, aprobada polo Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro.

Artigo 35. *Derrogación parcial das normas de calidade para as conservas vexetais, aprobadas pola Orde do 21 de novembro de 1984.*

Quedan derrogadas as disposicións que a continuación se relacionan das normas de calidade para as conservas vexetais, aprobadas pola Orde do 21 de novembro de 1984.

1. Os puntos 1, 2, 4 e 5 do número 1.6, coa excepción do disposto nos subnúmeros 1.6.2.1 e 1.6.2.2; así como o punto 5 do punto 1.7 e o número 1.8 do anexo número 1 da norma técnica xeral.

2. O número 2.6 do anexo número 2. Albaricoque.
3. O número 3.6 do anexo número 3. Pexego.
4. O número 4.6 do anexo número 4. Peras.
5. O número 5.6 do anexo número 5. Cereixas.
6. O número 6.5 do anexo número 6. Ameixas.
7. O número 7.6 do anexo número 7. Cuarteiróns de mandarinas.
8. O número 8.4 do anexo número 8. Uvas.
9. O número 9.5 do anexo número 9. Amorodos, framboesas, grosellas, amoras.
10. O número 10.5 do anexo número 10. Ensalada de froitas.
11. O número 11.5 do anexo número 11. Cóctel de froitas.
12. O número 12.6 do anexo número 12. Alcachofas.
13. O número 13.6 do anexo número 13. Espárragos.
14. O número 14.6 do anexo número 14. Feixóns verdes.
15. Os números 15.6 e 15.7 do anexo número 15. Pementos.
16. O número 16.6 do anexo número 16. Tomates.
17. O número 17.6 do anexo número 17. Cogomelos.
18. O número 18.6 do anexo número 18. Níscaros.
19. O número 19.6 do anexo número 19. Champiñón.
20. O número 20.6 do anexo número 20. Fabas.
21. O número 21.6 do anexo número 21. Chícharos frescos.
22. O número 22.5 do anexo número 22. Garavanzos.
23. O número 23.5 do anexo número 23. Fabas.
24. O número 24.5 do anexo número 24. Lentellas.
25. O número 25.6, do anexo número 25. Chícharos rehidratados.
26. O número 26.6 do anexo número 26. Acelgas.
27. O número 27.6, do anexo número 27. Espinacas.
28. O número 28.6 do anexo número 28. Allos porros.
29. O número 29.5 do anexo número 29. Cenorias.
30. O número 30.5 do anexo número 30. Remolacha de mesa.
31. O número 31.5 do anexo número 31. Coliflores.
32. O número 32.6 do anexo número 32. Coles de Bruxelas.
33. O número 34.5 do anexo número 34. Minestra.
34. O número 35.5 do anexo número 35. Macedonia.
35. O número 36.5 do anexo número 36. Patacas.
36. O número 37.6, do anexo número 37. Cogombros.
37. O número 38.4 do anexo número 38. Ensartamento de vexetais.
38. O número 42.5 do anexo número 42. Encurtidos de vexetais.

Artigo 36. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización de sucedáneos de café, aprobada polo Real decreto 2323/1985, do 4 de decembro.*

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización de sucedáneos de café, aprobada polo Real decreto 2323/1985, do 4 de decembro, coa excepción do disposto nos seus artigos 1.º, 2.º, 3.º e 7.º, así como no artigo 8.º, letras a), b), c), d), e), g) e h), nos números 1 e 3 do artigo 15 e no número 1 do artigo 20.

Artigo 37. *Derrogación parcial das normas xerais de calidade para o touciño salgado e o touciño entrefebrado curado, destinados ao mercado interior, aprobadas pola Orde do 29 de outubro de 1986.*

Quedan derogadas as disposicións que a continuación se relacionan das normas xerais de calidade para o touciño salgado e o touciño entrefebrado curado, destinados ao mercado interior aprobadas pola Orde do 29 de outubro de 1986.

1. Os números 8, 9, 11 e 12 do anexo 1 da norma de calidade para o touciño salgado destinado ao mercado interior.

2. Os números 7, 8, 10 e 11, excepto o subnúmero 1 deste último, do anexo 2 da norma de calidade para o touciño entrefebrado curado destinado ao mercado interior

Artigo 38. *Derrogación parcial da norma de calidade para tripas naturais con destino ao mercado interior, aprobada pola Orde do 29 de outubro de 1986.*

Quedan derogados os números 10, 11, 12, 13, 14, excepto os subnúmeros 1.1 e 1.5 deste, da norma de calidade para tripas naturais con destino ao mercado interior, aprobada pola Orde do 29 de outubro de 1986.

Artigo 39. *Derrogación parcial do Real decreto 2551/1986, do 21 de novembro, polo que se regula a elaboración e comercialización de «aceite de bagazo refinado e de oliva».*

Quedan derogadas as letras b), c) e d) do ordinal cuarto do Real decreto 2551/1986, do 21 de novembro, polo que se regula a elaboración e comercialización de aceite de bagazo refinado e de oliva.

Artigo 40. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, fabricación, circulación e comercio de cereais en flocos ou expandidos, aprobada polo Real decreto 1094/1987, do 26 de xuño.*

Quedan derogados os artigos 3.º a 6.º, os números 2.1 e 2.3 do artigo 7.º, o artigo 8.º, os números 1.1, 1.2, 1.5 e 2 do artigo 11, os artigos 12 e 13, excepto o número 3.1 deste último, os números 1 e 2.1 do artigo 14, así como os artigos 15 a 17 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, fabricación, circulación e comercio de cereais en flocos ou expandidos, aprobada polo Real decreto 1094/1987, do 26 de xuño.

Artigo 41. *Derrogación parcial do Real decreto 1044/1987, do 31 de xullo, polo que se regula a elaboración de zumes de uva en harmonización coa normativa comunitaria.*

Quedan derogados as letras a), c), d) e e) do artigo 2.º, o artigo 3.º, os números 3, 4, 5, 6, e 8 do artigo 5.º, os límites establecidos para arsénico, chumbo, cobre e zinc no artigo 6.º e o artigo 7.º do Real decreto 1044/1987, do 31 de xullo, polo que se regula a elaboración de zumes de uva en harmonización coa normativa comunitaria.

Artigo 42. *Derrogación da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización dos azucres destinados ao consumo humano, aprobada polo Real decreto 1261/1987, do 11 de setembro.*

Derrógase todo o referido aos límites de arsénico, cobre e chumbo nos artigos 2 e 3 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización dos azucres destinados ao consumo humano, aprobada polo Real decreto 1261/1987, do 11 de setembro.

Artigo 43. *Derrogación parcial da norma xeral de identidade e pureza para o callo e outros enzimas coagulantes de leite destinados ao mercado interior, aprobada pola Orde do 14 de xaneiro de 1988.*

Quedan derrogados o número 8, os puntos 3 e 4 do número 9 e os números 10, 11, 12 e 14 da norma xeral de identidade e pureza para o callo e outros enzimas coagulantes de leite destinados ao mercado interior, aprobada pola Orde do 14 de xaneiro de 1988.

Artigo 44. *Derrogación parcial das normas xerais de calidade para as caseínas e os caseinatos alimenticios, aprobadas pola Orde do 28 de marzo de 1988.*

Quedan derrogadas as disposicións que a seguir se relacionan das normas xerais de calidade para as caseínas e os caseinatos alimenticios, aprobadas pola Orde do 28 de marzo de 1988.

1. No anexo 1 da norma xeral de calidade para as caseínas alimenticias con destino ao mercado interior, o número 7, os puntos 1 e 4 do número 8, os puntos 2 e 3 do número 9 e os números 10, 11 excepto o seu subnúmero 1, 12, 13 e 14.

2. No anexo 2 da norma xeral de calidade para as caseinatos alimenticios con destino ao mercado interior, o número 7, os puntos 1 e 4 do número 8 e os números 9, 10, 11 excepto o seu subnúmero 1, 12, 13 e 14.

Artigo 45. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de orchata de chufa, aprobada polo Real decreto 1338/1988, do 28 de outubro.*

Quedan derrogados os números 1, 5 e 6 do artigo 8.º, os números 1, 2, 3, 6 e 8 do artigo 10, os artigos 12 a 18 excepto os números 2 e 6 deste último, así como os artigos 19 a 23 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de orchata de chufa, aprobada polo Real decreto 1338/1988, do 28 de outubro.

Artigo 46. *Derrogación parcial da norma de calidade para os aceites e graxas quentados, aprobada pola Orde do 26 de xaneiro de 1989.*

Quedan derrogados os artigos 7, 8, 10, 11 e 12 da norma de calidade para os aceites e graxas quentados aprobada pola Orde do 26 de xaneiro de 1989.

Artigo 47. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e comercialización de patacas fritas e produtos de aperitivo, aprobada polo Real decreto 126/1989, do 3 de febreiro.*

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e comercialización de patacas fritas e produtos de aperitivo, aprobada polo Real decreto 126/1989, do 3 de febreiro, coa excepción do disposto nos seus artigos 1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º e 14, así como nos números 2, 5 e 6 do artigo 15 e os números 2 e 3 do artigo 17.

Artigo 48. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de produtos derivados do cacao, derivados do chocolate e sucedáneos do chocolate, aprobada polo Real decreto 823/1990, do 22 de xuño.*

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de produtos derivados do cacao, derivados do chocolate e sucedáneos do chocolate, aprobada polo Real decreto 823/1990, do 22 de xuño, coa excepción do disposto nos seus artigos 1.º e 2.º, así como nos números 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do artigo 3, o número 1 do artigo 10 e o número 1 do artigo 11.

Artigo 49. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio da cervexa e do malte líquido, aprobada polo Real decreto 53/1995, do 20 de xaneiro.*

Quedan derrogados os artigos 3 e 4, o número 7 do artigo 8, os artigos 11 e 12 excepto o número 1 deste último, os números 1, 2 e 3 do artigo 13 e o artigo 16 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio da cervexa e do malte líquido, aprobada polo Real decreto 53/1995, do 20 de xaneiro.

Artigo 50. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de xeados e mesturas envasadas para conxelar, aprobada polo Real decreto 618/1998, do 17 de abril.*

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de xeados e mesturas envasadas para conxelar aprobada polo Real decreto 618/1998, do 17 de abril, coa excepción do disposto no artigo 1, os números 1, 2, 3, 6, 8, 9, 10 e 11 do artigo 2, o artigo 3, as letras a), b) e c) do número 1 e as letras a) a i) do número 2 do artigo 6, o número 1 do artigo 11 e o número 1 do artigo 17.

Artigo 51. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, distribución e comercio de caldos, consomés, sopas e cremas, aprobada polo Real decreto 2452/1998, do 17 de novembro.*

Derrógase a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, distribución e comercio de caldos, consomés, sopas e cremas, aprobada polo Real decreto 2452/1998, do 17 de novembro, coa excepción do disposto nos seus artigos 1, 2 e 3, así como nos números 1, 2 e 5 do artigo 4 e no número 1 do artigo 10.

Artigo 52. *Derrogación parcial da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e venda das olivas de mesa, aprobada polo Real decreto 1230/2001, do 8 de novembro.*

Quedan derrogados os artigos 5 e 6, os números 2 e 3 do artigo 7, os artigos 8 e 9, o número 1 do artigo 10, o primeiro parágrafo do artigo 11 e o artigo 12 da regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e venda das olivas de mesa, aprobada polo Real decreto 1230/2001, do 8 de novembro.

Artigo 53. *Derrogación parcial da norma de calidade para o iogur, aprobada polo Real decreto 179/2003, do 14 de febreiro.*

Quedan derrogados o subnúmero 7.3.7, así como os números 8 a 11 excepto o subnúmero 1 deste último, e o número 13 da norma de calidade para o iogur, aprobada polo Real decreto 179/2003, do 14 de febreiro.

Artigo 54. *Derrogación total de disposicións.*

Quedan derrogadas as seguintes disposicións:

a) Orde do 16 de agosto de 1964 pola que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria do xeo.

b) Decreto 408/1975, do 7 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a manipulación de ovos frescos e conservados, e elaboración, conservación e venda de ovoprodutos.

c) Resolución do 26 de decembro de 1983, da Subsecretaría, pola que se aproba a lista positiva de aditivos para a elaboración de xamón cocido e friame de xamón, pa cocida e friame de pa e magro de porco e friame de magro de porco.

d) Real decreto 381/1984, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria do comercio retalista de alimentación.

e) Real decreto 168/1985, do 6 de febreiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria sobre condicións xerais de almacenamento frigorífico de alimentos e produtos alimentarios.

f) Real decreto 706/1986, do 7 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria sobre condicións xerais de almacenamento (non frigorífico) de alimentos e produtos alimentarios.

g) Real decreto 2483/1986, do 14 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria sobre condicións xerais de transporte terrestre de alimentos e produtos alimentarios a temperatura regulada.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de marzo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN